

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1111SV	<i>Expediente</i> CON/25/2017	<i>Fecha</i> 06-10-17 11:30

Número 8 .- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á adxudicación do contrato de "obras de construción dun aparcadoiro provisional disuasorio na parcela EQ1 do parque empresarial da Sionlla".

Destinatario

15078DCMG1111SV



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 06 de outubro de 2017 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 8 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE ESPAZOS CIDADÁNS, DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN APARCADOIRO PROVISIONAL DISUASORIO NA PARCELA EQ1 DO PARQUE EMPRESARIAL DA SIONLLA".

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 28 de setembro de 2017, do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade. Así mesmo, do informe favorable de Intervención, número 2017/720 de data 2.10.17.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Jorge Duarte Vázquez**, concelleiro delegado de espazos cidadáns, dereito á vivenda e mobilidade, e presidente da mesa de contratación da licitación "Obras de construción dun aparcadoiro provisional disuasorio na parcela EQ1 do parque empresarial da Sionlla", consonte os termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017,

EXPÓN:

Primeiro: Con data 20 de setembro de 2017, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador VIPECA OBRAS Y SERVICIOS SL.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1111SV	<i>Expediente</i> CON/25/2017	<i>Fecha</i> 06-10-17 11:30

Segundo: Con data 28 de setembro, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e consonte ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

PRIMEIRO: Rexeitar a participación nesta licitación da empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA por non presentar proposta económica.

SEGUNDO: Rexeitar a oferta presentada pola empresa OBRAS Y VIALES CERNE SL, por non xustificar debidamente a consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados.

TERCEIRO: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa VIPECA OBRAS Y SERVICIOS SL (CIF: B32191116), por un importe de **252.940 euros** (IVE aparte 21%: 53.117,40 euros), ó ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete unha ampliación de cinco anos do prazo de garantía mínimo e unha mellora do 1% no orzamento de control de calidade e de xestión de residuos.

Designase como técnico municipal director-responsable do contrato a D. Antonio Ranedo Santillana, xefe do servizo de obras e proxectos.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **050 15340 60900**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado polo tanto á súa inclusión no vindeiro exercicio orzamentario:

Anualidade 2017: 240.000 euros.

Anualidade 2018: 66.057'40 euros."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG1111SV	CON/25/2017	06-10-17 11:30

PRIMEIRO: Rexeitar a participación na licitación das "Obras de construción dun aparcadoiro provisional disuasorio na parcela EQ1 do parque empresarial da Sionlla" da empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA, por non presentar proposta económica.

SEGUNDO: Rexeitar a oferta presentada pola empresa OBRAS Y VIALES CERNE SL, por non xustificar debidamente a consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados.

TERCEIRO: Adxudicar o contrato de "Obras de construción dun aparcadoiro provisional disuasorio na parcela EQ1 do parque empresarial da Sionlla" a favor da empresa VIPECA OBRAS Y SERVICIOS SL (CIF: B32191116), por un importe de **252.940 euros**, (IVE aparte 21%: 53.117,40 euros), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete unha ampliación de cinco anos do prazo de garantía mínimo e unha mellora do 1% no orzamento de control de calidade e de xestión de residuos.

Designase como técnico municipal director-responsable do contrato a D. Antonio Ranedo Santillana, xefe do servizo de obras e proxectos.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **050 15340 60900**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado polo tanto á súa inclusión no vindeiro exercicio orzamentario:

Anualidade 2017: 240.000 euros
Anualidade 2018: 66.057,40 euros.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández

